

Museo Provincial do Mar

En outubro de 1969, a Deputación de Lugo acorda crear o Museo Provincial do Mar, en San Cibrao (Cervo), tomando como base a colección de D. Francisco Rivera Casás, que exerceu a súa profesión de mestre nesta localidade da Mariña Lucense desde 1934 ata 1982, combinando esta actividade na escola coas ensinanzas marítimo-pesqueiras. Desde 1994, la “Asociación de Veciños Cruz da Venta”, de San Cibrao, se ocupa del museo hsta que, en el año 2004, la Diputación de Lugo se hace cargo nuevamente de su gestión a través de la Rede Museística.

O Museo Provincial do Mar, un dos máis antigos dos dedicados a este tema en Galicia, está situado nun edificio que foi construído en 1931 para albergar unha Escola Unitaria, obra levada a cabo grazas á doazón do matrimonio formado por D. José M. Fernández e D.^a Manuela Goñi Maiste.

Actualmente, o Museo Provincial do Mar de San Cibrao, que dende os seus comezos pretende reflectir a historia e a vida mariñeira da costa lucense, amosando a súa riqueza biolóxica e etnográfica, consta fundamentalmente de catro seccións.

Na **primeira** fáiselle unha lembranza e unha homenaxe á escola, ao uso para o que foi concibido o edificio que hoxe contén o museo. No espazo contiguo, onde un motor a vapor simboliza o corazón do museo, recollense as testemuñas gráficas coas que o visitante pode facer un percorrido polo pasado mariñeiro da vila e da comarca, un percorrido polo memoria histórica a través dunha importante colección de fotografías achegadas pola veciñanza.

A **segunda** ten como fío condutor a sección de carpintería de ribeira en San Cibrao, así como as tipoloxías construtivas máis comúns que saíron dos seus estaleiros, exemplarizadas nalgún dos modelos de barcos expostos, réplicas a escala de navíos que tiveron especial relevancia na historia desta vila, como foron o Paca Gómez, o Industrial ou a goleta Sargadelos. (**Seccións 1 e 2**). Conta San Cibrao cunha longa tradición de construtores de barcos que se remonta ao século XIV. A puxanza definitiva da construción naval nesta vila veu da man do nacemento do complexo industrial de Sargadelos, a finais do s. XVIII. A raíz do incremento do fluxo comercial, tamén aumentou a demanda de barcos de cabotaxe para o transporte das manufacturas e materias primas que demandaba esta fábrica. Deste xeito, nos estaleiros da vila comezaron a facerse embarcacións a vela de grande porte para as rutas máis longas, principalmente goletas e bergantíns (e variantes mixtas de ambas as dúas) e embarcacións con menor capacidade de carga, coma cachemaríns, faluchos ou pataches, para desprazamentos de menor entidade. Para a pesca, facíanse grandes embarcacións de remo, coma os trañóns ou as chalupas, que se empregaban tanto para a caza da balea como para a pesca da sardiña.

A introdución do ferro para a construción de barcos de carga de maior tonelaxe, conduciu ao declive das carpinterías, cuxa actividade se viu reducida a pequenas embarcacións de pesca e á realización de reparacións. Tiveron unha nova época de esplendor na década dos 60, do século XX, coa eclosión da pesca do bonito.

Na sección que leva por título “A arte de marear: buscando o norte”, agrupáronse os instrumentos náuticos, esenciais para entender a evolución da navegación e a magnitude das súas conquistas, así como os fanais e luces de posicionamento dos barcos, cuxa función é a de marcar a situación do barco e avisar das manobras durante a marcha. Reservouse un lugar especial para as pezas procedentes de rescates subacuáticos, como é o caso dos restos do naufraxio da fragata Magdalena e do bergantín Palomo, este último ocorrido na ría de Viveiro alá polo ano 1810.

A **terceira** sala céntrase nos oficios do mar (pescantinas, redeiras, cordoeiros, etc.) e nas artes e aparellos de pesca (na que chama a atención un **traxe de augas** completo, elaborado ao xeito tradicional, con liño “encascado”, así coma un **traíñón ou chalupa baleeira** de 3 m de eslora, aparelado con dúas velas). Inclúe tamén unha mostra cunha variada representación da fauna mariña, entre a que destaca a colección de malacoloxía (un 70 % do total dos fondos do museo e na que se poden observar numerosas pezas agrupadas nos cinco principais grupos de moluscos), así como tamén esqueletos totais ou parciais de animais mariños (mandíbulas de quenllas, espadas de peixe espada, esqueletos de golfiños, etc.), animais desecados (tartarugas), corais, fósiles, algas, etc.

Na sala **cuarta**, a historia da caza e os restos óseos das baleas son os protagonistas. Foron recollidos nas praias de San Cibrao, en especial na de Cubelas, onde se procesaban os cetáceos cazados entre os ss. XVI-XVIII. A comezos desta última centuria, decae a caza da balea nas nosas costas, se ben, en 1965, esta actividade volve a cobrar protagonismo na vida de San Cibrao, cando a empresa conserveira Massó instalou unha das súas factorías no Portiño de Morás (Xove), a cal pecha definitivamente, en 1976, dez anos antes da declaración da moratoria internacional á caza comercial de baleas.

Coordenadas do Museo Provincial do Mar (datum ETRS89)

UTM: 29 625558 4839244

Xeográficas: 43°41'44,15"N 7°26'30,78W

Decimais: 43.6955969455 -7.4418833614

Horario de inverno (de outubro a maio)

De martes a sábado:

Mañás de 11,00 h a 14,00 h

Tardes de 16,00 h a 19,00 h

Domingos e festivos:

Mañás de 11,00 h a 14,00 h
Luns pechado

Horario de verán (de xuño a setembro)

De martes a sábado:

Mañás de 11,00 h a 14,00 h

Tardes de 17,00 h a 20,00 h

Domingos e festivos:

Mañás de 11,00 h a 14,00 h

Luns pechado

O Museo permanecerá pechado os días 1 de xaneiro (Aninovo) 22 de Maio (Santa Rita), 24, 25, 31 de decembro e os dous festivos locais que acorde fixar o Concello de Cervo cada ano.

Entrada gratuíta

Contacto

Museo Provincial do Mar

Avenida da Mariña s/n

San Cibrao

27890 Cervo (Lugo)

Tfno.: 982 594 572 / museodomar@museolugo.org

www.museolugo.org